## 1. IDENTIFICACIÓN

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Título da UD** | «Hei d'ir á túa seitura». | | | | |
| **Etapa** | EDUCACIÓN PRIMARIA | **Área** | Educación artística (Educación Musical) | **Nivel** | 6º |
| **Mestres** | Educación Musical. Ciencias da Natureza. Ciencias Sociais. Educación Física. Valores Sociais e Cívicos. Lingua Galega e Literatura. | | | | |
| **Centro de interese** | A volta á escola - «De novo cos meus amigos!» | **Proxecto** | Festival de Nadal | | |

**Descrición**

Nesta unidade o alumnado vai tocar con toda a orquestra escolar e cantará sobre soportes diversos, empregando como base secuencias informáticas e arquivos de audio sampleados. Ademais, lembrarán as vacacións na aldea e adquirirán vocabulario.

**Xustificación**

Baseándonos nos Ciclos Anuais, trataremos nesta unidade os cantos de labor propios do verán e os cantos de arrieiro. Aproveitaremos a proximidade das vacacións para tratar temas relacionados coa aldea (a casa, os animais, a labranza), tanto nos contornos agrícolas como mariñeiros.

**Contexto**

O alumnado reintégrase ao centro tras as vacacións estivais. Aproveitaremos a recente experiencia para tratar temas relacionados coa aldea que, probablemente, visitaron no verano (a casa, os animais, a labranza, a veciñanza), tomando como base os cantos de labor, con especial atención aos de seitura, correspondentes á época tratada. Incorporaremos, ademais, o antigo xénero dos cantos de arrieiro.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comptn. |
|---|---|---|---|---|
| **EDUCACIÓN MUSICAL** | | | | |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.2 Identificación e apreciación das calidades dos sons da contorna. | ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como | ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as | ▪ CCL<br>▪ CAA |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ e | | marco de referencia para creacións propias. | calidades dos sons da contorna natural e social. | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.3 Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.<br>▪ B1.4 Identificación a través da escoita de tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.<br>▪ B1.5 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas especialmente a galega. | ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ a<br>▪ d | ▪ B1.6 Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e outras.<br>▪ B1.7 Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais. | ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ e<br>▪ k | ▪ B2.1 Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.<br>▪ B2.2 Identificación de diferentes rexistros da voz: soprano, contralto, tenor e baixo. | ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | ▪ EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ d/a | ▪ B2.3 Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Cánon.<br>▪ B2.4 Recoñocemento de distintos tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais e rexistros da voz.<br>▪ B2.5 Utilización das grafías convencionais na lectura, escritura e interpretación das cancións e de pezas instrumentais sinxelas.<br>▪ B2.6 Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e análise posterior.<br>▪ B2.7 Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.<br>▪ B2.8 Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando | ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección. | ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo | ▪ CSC |
| | | | ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | ▪ CAA<br>▪ |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

<table>
<tr><td></td><td>as achegas das demais persoas do grupo.</td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td colspan="5">CIENCIAS DA NATUREZA</td></tr>
<tr><td colspan="5">BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</td></tr>
<tr><td rowspan="3">▪<br>▪ a<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ i</td><td rowspan="3">▪ B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, Comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.<br>▪ B3.7. Ecosistemas: pradeira, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.<br>▪ B3.8. Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.<br>▪ B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.<br>▪ B3.10. Interese pola observación e estudo rigoroso de todos os seres vivos.<br>▪ B3.11. Uso da lupa para a observación científica.</td><td rowspan="3">▪ B3.3. Investigar as características de ecosistemas da súa contorna mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigurosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</td><td>▪ CNB3 3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.</td><td>▪ CMCT<br>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ CNB3 3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradeira, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.</td><td>▪ CMCCT<br>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ CNB3 3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado dos mesmos e nomea algunas causas de extinción de especies.</td><td>▪ CMCCT<br>▪ CSC</td></tr>
<tr><td colspan="5">CIENCIAS SOCIAIS</td></tr>
<tr><td colspan="5">BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</td></tr>
</table>

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B2.9 A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación.<br>▪ B2.10 O desenvolvemento sostible.<br>▪ Elaboración dun plan de reciclaxe.<br>▪ | ▪ B2.5 Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos. | ▪ CSB2.5.1 Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do nosos planeta. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| BLOQUE 4. A PEGADA DO TEMPO | | | | |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B5.11 Noso patrimonio histórico e cultural. | ▪ B4.4 Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. | ▪ CSB4. 4.1 Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| **EDUCACIÓN FÍSICA** | | | | |
| BLOQUE 2. HABILIDADES MOTRICES | | | | |
| ▪ b<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B2.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.<br>▪ B2.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non | ▪ B2.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | ▪ EFB2.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.<br>▪ B2.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. | | | |
| BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B2.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento<br>▪ B2.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. | ▪ B2.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. | ▪ EFB2.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS** | | | | |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| ▪ b | ▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A | ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | ▪ VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.<br>▪ B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | | ▪ VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | ▪ CSC |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | | | | |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. | ▪ B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. | ▪ LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | ▪ B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retranca, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega. | ▪ B1.3. Interpretar a retranca, a ironía e os dobres sentidos, entendendo a primeira como un trazo característico da lingua galega | ▪ LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece a retranca como un trazo característico da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B1.5. Comprensión e produción de textos orais | | ▪ LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que | ▪ CCL<br>▪ CAA |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ e | breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates). | ▪ B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | ▪ CSC<br>▪ CSEIEE |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Segue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados). | ▪ B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | ▪ LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| ELEMENTOS TRANSVERSALES | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comprensión lectora | Expresión oral e escrita | TIC | Educación cívica e constitucional | Inclusión de persoas con discapacidade | Igualdade efectiva entre homes e mulleres | Desenvolvemento sostible e medio ambiente | Resolución de conflitos | Educación e seguridade viaria | Creatividade | Autonomía | Iniciativa | Traballo en equipo | Confianza en un mesmo | Sentido crítico | Educación para o lecer | Educación do consumidor |
| x | x | x | | x | x | x | | | | x | x | x | | x | | x |

| | | |
|---|---|---|
| **Tarefa**. Montar unha obra musical baseada no folclore empregando frautas e o instrumental da aula. | | |
| **1ª Sesión** | | |
| **Actividade**[1] | **Exercicio** | **Observacións** |
| AIM. Coa letra correspondente escrita no encerado, visualizar co proxector ou no monitor o vídeo de María Castro interpretando o *Canto de arrieiro*. | Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor. | Incidir no carácter do ritmo libre, contrastante con episodios de ritmo métrico ao cantar as estrofas entre coplas de xota, presente en https://www.youtube.com/watch?v=ZSTSeOdIOy4 |
| AD. Aprender a letra da canción que traballaremos en clase. | Identificar a rima e a métrica.<br><br>Recoñecer a estrutura do texto. | Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar |

[1] AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).

| | | |
|---|---|---|
| | | consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria.<br><br>Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética. |
| AD. Aprender o *Canto de arrieiro* co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso. | Interiorizar a medida marcando o compás e completando no encerado os compases baleiros empregando figuras e silencios diversos.<br><br>Realizar ditado rítmico e rítmico-melódico empregando os motivos da canción.<br><br>Observar a diferenza coa versión de ritmo libre escoitada (non no referente ás notas senón no ritmo da interpretación).<br><br>Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes (se non hai instrumentos dalgún tipo para todos, tocar no aire sobre o instrumento orixinario, coa axuda do profesorado en espello). | Para a lectura poden empregarse as distintas bases de audio proporcionadas (ODE), tanto para apoiar a práctica instrumental mentres se escoita o mesmo instrumento que se está a tocar a só como para entender o armazón musical tocando con outros ou ben outros instrumentos diferentes ao que soa.<br><br>Para as láminas, axudarse co esquema básico de percusión corporal de xeito que, despois, será substituído por la práctica en cada instrumento. |
| AD. Estudar o *Canto de arrieiro* coas frautas. | Tocar distinguindo diferentes xeitos de articulación: picado ligado e picado.<br><br>Aprender a posición de si bemol. | Empregar as sílabas «da» e «ta» respectivamente para separar os sons, optando finalmente polo picado ligado.<br><br>Vixiar a posición do si bemol sen esquecer empregar o índice da man dereita. |

CC BY SA

| | | |
|---|---|---|
| AA. Traballar o canto coa frauta fóra do ámbito escolar. | Tocar distinguindo diferentes xeitos de articulación: picado ligado e picado.<br><br>Coidar a perfecta colocación do si bemol. | Empregar as sílabas «da» e «ta» respectivamente para separar os sons, optando finalmente polo picado ligado. |
| AA. Procurar versións de cantos de arrieiro tanto en *Spotify* como en *Youtube*. Apuntar as características máis salientables dunha preferida con vistas á súa exposición na seguinte clase. | Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor. | https://www.youtube.com/watch?v=5Jp921JJ0RU<br>https://www.youtube.com/watch?v=1DmV131-XOg<br>https://www.youtube.com/watch?v=NoXzDaRgIqo<br>https://www.youtube.com/watch?v=RSPgrVocVzI<br>https://www.youtube.com/watch?v=xZNZv7SqBN8 |

| **2ª Sesión** | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| ACP. Establecer unha pequena quenda de intervencións na que algunhas persoas do grupo expoñan e defendan con argumentos razoados o porqué da elección dunha versión concreta (feita nas AA). | Establecer un listado cos diferentes tipos de criterios e argumentos empregados. | |
| AD. Sinalar nalgunhas das versións escollidas, visual e/ou auditivamente, instrumentos coñecidos. | Discriminar o timbre dalgúns instrumentos galegos (zanfona, gaita...) ou mundiais (acordeón, ocarina...). | |
| AC. Distribuídos por instrumentos, tocar cada discente a parte que lle corresponda. | Memorizar a súa parte na execución instrumental. | A orde suxerida será baixos, carillóns, xilófonos, metalófonos e frautas. |
| ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades. | Memorizar e interpretar a súa parte na execución instrumental. | En caso de ser preciso empregarase o ODE desa parte concreta como axuda (nese caso, atención ao tempo, xa que o marca o ODE). |
| AD. Montar a peza todos xuntos. | Atender ao resultado sonoro da superposición dos diferentes *ostinati*. | Aínda que hai moitas posibilidades, recomendamos baixos máis xilófono contralto. Engadido de metalófono soprano. Metalófono contralto con |

| | | |
|---|---|---|
| | | xilófono soprano. Carillóns. Conxuntar as láminas. Engadido de frautas. |
| AA. Procurar informacións sobre manifestacións musicais de Galicia, sexan populares ou ben de autor. | Realizar un listado de posibles fontes de información onde atopar datos sobre a música patrimonial. | Caso de resultar complexo proporcionarase ao alumnado unha guía |

| **3ª Sesión** | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| AIM. Cantar a peza sobre a base orquestral dos ODE do curso. | Cantar *piano*, coa axuda do profesorado marcando o *tempo*. | |
| AAV. Interpretar a peza completa coa orquestra escolar. | Atender ás posibles perdas do resto de executantes, especialmente naqueles que tocan instrumentos con *ostinati* complementarios. | O profesorado empregará esta execución para a avaliación do alumnado. |
| AA. Gravar esta versión en audio, vídeo ou soporte informático. | Atender á interpretación independentemente dos factores externos que incidan sobre ela. | Subirase este traballo ao *blog* da aula e remitirase enlace ás familias. |
| AE. Ensamblar coa versión ODE completa (instrumental Orff máis orquestra). | Manter o tempo sobre unha gravación. | Cantar e/ou tocar enriba dunha base con atención aos tempos, ao equilibro das voces e á modulación no canto. |
| AA. Gravar esta última versión en audio, vídeo ou soporte informático. | Atender á interpretación independentemente dos factores externos que incidan sobre ela. | Subirase este traballo ao *blog* da aula e remitirase enlace ás familias. |

| **Tarefa**. Montar unha obra musical baseada no folclore empregando frautas e o instrumental da aula. | | |
|---|---|---|
| **4ª Sesión** | | |
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |

| | | |
|---|---|---|
| AIM. Escoitar a música de *Canta a rula* sobre o ODE orquestral do curso. | Respectar os diferentes elementos dunha audición: silencio antes e despois, atención á escoita, retención do escoitado, características xerais (voces, instrumentos, puntos salientables, carácter da peza...). | |
| AD. Montar *Canta a rula* coa orquestra escolar. | Interiorizar a medida marcando o compás e completando no encerado os compases baleiros empregando figuras e silencios diversos.<br>Ler a partitura, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a primeira voz.<br>Tocar a melodía coas frautas.<br>Comprobar a falta de cuadratura da peza. | Para a lectura poden empregarse as bases de audio proporcionadas (ODE), tanto para apoiar a práctica instrumental mentres se escoita a mesma voz como para entender o movemento popular baseado nas terceiras se se escoita a outra.<br>Para as láminas, axudarse co esquema básico de percusión corporal de xeito que, despois, será substituído por la práctica en cada instrumento. |
| AR. Interpretar unha estrofa de cada peza aprendida na unidade. | Diferenciar ritmo libre de ritmo marcado (métrico). | |
| AC. Referirse aos xéneros aprendidos, canto de arrieiro e de seitura, especificando as súas características. | Distinguir auditivamente pezas que posúan ritmo libre das que o presenten e marcado. | |

CC BY SA

## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

| ACTIVIDADES | MODELO DE PENSAMENTO[5] | MODELO ENSINO-APRENDIZAXE[4] | INTELIXENCIAS MÚLTIPLES[3] | AGRUPAMENTO[2] | RECURSOS DIDÁCTICOS | TEMP. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AIM. Coa letra correspondente escrita no encerado, visualizar co proxector ou no monitor o vídeo de María Castro interpretando o *Canto de arrieiro*. | Reflexivo.<br><br>Percepción. | Lingüístico. | Lingüístico-verbal.<br>Musical. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Vídeo. | 5' |
| AD. Aprender a letra da canción. | Reflexivo.<br><br>Memoria. | Lingüístico. | Lingüístico-verbal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | | 7' |
| AD. Aprender o *Canto de arrieiro* co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 20' |

[2] Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.
[3] Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cinestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.
[4] Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.
[5] Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AD. Estudar o *Canto de arrieiro* coas frautas. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo.<br>Persoal-individual. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Intrapersoal.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo.<br>Afíns. | Partituras.<br>Música mp3. | 13’ |
| AA. Traballar o canto coa frauta fóra do ámbito escolar. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo.<br>Persoal-individual. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Intrapersoal. | Individual. | Partituras.<br>Vídeo. | - |
| AA. Procurar versións de cantos de arrieiro tanto en *Spotify* como en *Youtube*. Apuntar as características máis salientables dunha preferida con vistas á súa exposición na seguinte clase. | Analítico.<br><br>Comprensión.<br>Análise. | Cognitivo-construtivo.<br>Persoal-individual.<br>Lingüístico. | Lingüístico-verbal.<br>Musical.<br>Intrapersoal. | Individual. | Vídeos. | - |
| ACP. Establecer unha pequena quenda de intervencións na que algunhas persoas do grupo expoñan e defendan con argumentos razoados o porqué da elección dunha versión concreta (feita nas AA). | Analítico.<br>Crítico.<br><br>Investigación.<br>Síntese.<br>Avaliación. | Cognitivo-construtivo.<br>Persoal-individual.<br>Lingüístico. | Lingüístico-verbal.<br>Musical.<br>Interpersoal | Grupos.<br>Grupo de interese. | Actividade de discusión. | 7’ |

cc BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AD. Sinalar nalgunhas das versións escollidas, visual e/ou auditivamente, instrumentos coñecidos. | Analítico.<br><br>Percepción.<br>Análise. | Cognitivo-construtivo.<br>Lingüístico. | Musical. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Actividade de discusión. | 5’ |
| AC. Distribuídos por instrumentos, tocar cada discente a parte que lle corresponda. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Intrapersoal.<br>Interpersoal. | Grupos.<br>Grupo de interese. | Partituras. | 13’ |
| ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Interpersoal. | Grupos.<br>Titoría ntre pares. | Partituras.<br>Música mp3. | 5’ |
| AD. Montar a peza todos xuntos. | Práctico.<br>Sistémico.<br><br>Aplicación. | Proxectivo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 15’ |
| AA. Procurar informacións sobre manifestacións musicais de Galicia, sexan populares ou ben de autor. | Analítico.<br>Sistémico.<br><br>Investigación. | Cognitivo-construtivo.<br>Persoal-individual. | Musical.<br>Intrapersoal. | Individual. | Web/portal temático ou corporativo.<br>Lecturas guiadas. | - |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AIM. Cantar a peza sobre a base orquestral dos ODE do curso. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 10’ |
| AAV. Interpretar a peza completa coa orquestra escolar. | Práctico.<br>Sistémico.<br><br>Aplicación. | Social-cooperativo.<br>Proxectivo. | Musical.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 10’ |
| AA. Gravar esta versión en audio, vídeo ou soporte informático. | Práctico.<br><br>Aplicación.<br>Memoria. | Proxectivo. | Musical.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3.<br>Vídeo. | 3’ |
| AE. Ensamblar coa versión ODE completa (instrumental Orff máis orquestra). | Práctico.<br><br>Memoria.<br>Aplicación. | Social-cooperativo.<br>Proxectivo. | Musical. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 15’ |
| AA. Gravar esta última versión en audio, vídeo ou soporte informático. | Práctico.<br><br>Aplicación.<br>Memoria. | Proxectivo. | Musical.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3.<br>Vídeo. | 7’ |
| AIM. Escoitar a música de *Canta a rula* sobre o ODE orquestral do curso. | Reflexivo.<br><br>Percepción. | Persoal-individual. | Lingüístico-verbal.<br>Musical.<br>Intrapersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Música.<br>Vídeo. | 4’ |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AD. Montar *Canta a rula* coa orquestra escolar. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Persoal-individual. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Intrapersoal. | Grupo clase.<br>Grupo de interese. | Partituras.<br>Música mp3. | 18’ |
| AR. Interpretar unha estrofa de cada peza aprendida na unidade. | Práctico.<br>Sistémico.<br><br>Aplicación.<br>Síntese. | Social-cooperativo.<br>Proxectivo. | Musical.<br>Corporal cinestésica.<br>Intrapersoal.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 18’ |
| AC. Referirse aos xéneros aprendidos, canto de arrieiro e de seitura, especificando as súas características. | Analítico.<br>Deliberativo.<br><br>Comprensión.<br>Análise.<br>Síntese.<br>Avaliación. | Condutual-instrutivo.<br>Cognitivo-construtivo.<br>Lingüístico. | Lóxico-matemática.<br>Musical. | Individual. | Actividade de discusión.<br>Web/portal temático ou corporativo. | 5’ |
| AA. Cantar a peza. | Práctico.<br><br>Aplicación.<br>Memoria. | Cognitivo-construtivo.<br>Social-cooperativo. | Lingüístico-verbal.<br>Musical.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | - |

CC BY SA

## 4. AVALIACIÓN

| Criterio de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Aspectos a observar para a avaliación | Competencias Clave | Procedementos / Instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Argumentos coherentes. | ▪ CCL<br>▪ CAA | Observación/Diario de clase. Diario anecdótico.<br>Rúbricas. |
| ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. | Precisión no sinalado.<br>Léxico e expresión.<br>Coherencia dos argumentos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | Método de casos/Diario de clase.<br>Debate/Lista de cotexo.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Observacións orixinais.<br>Control do ritmo.<br>Acompañamentos básicos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | Método de casos/Diario de clase.<br>Debate/Lista de cotexo.<br>Rúbricas. |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Escoita atenta.<br>Respecto aos demais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | Observación/Diario de clase.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. | Argumentos coherentes.<br>Criterios de procura. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | Seguimento/Portafolio. |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | ▪ EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Escoita atenta.<br>Técnica empregada. | ▪ CAA<br>▪ CCL | Rúbricas. |
| ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección. | ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. | Argumentos coherentes.<br>Escoita atenta. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | Seguimento/Portafolio. |
| | ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Recoñecemento dos elementos.<br>Reprodución exacta. | ▪ CCEC | Observación/Diario de clase.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Precisión rítmica.<br>Aproximación interválica e melódica. | ▪ CCEC | Observación/Diario de clase.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento | Asunción do seu rol no grupo.<br>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.<br>Interese por mellorar. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | Observación/Diario de clase. Diario anecdótico.<br>Rúbricas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. | Asunción do seu rol no grupo.<br>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.<br>Interese por mellorar. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | Observación/Diario de clase. Diario anecdótico.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo | Asunción do seu rol no grupo.<br>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.<br>Interese por mellorar. | ▪ CSC | Observación/Diario de clase. Diario anecdótico. |
| | ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Interese por mellorar.<br>Actitude construtiva.<br>Concreción nas apreciacións. | ▪ CAA | Método de casos.<br>Proxectos.<br>Observación/Diario de clase.<br>Rúbricas. |

| RÚBRICA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Indicadores** | | | | **Comp. clave** |
| | | **A** | **B** | **C (mínimo)** | **D** | |
| ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. | Identifica, clasifica e describe, empregando unha linguaxe técnica precisa, e informa das particularidades e situación das calidades dos sons da contorna natural e social. | Identifica, clasifica e describe, cunha linguaxe técnica precisa, e informa das calidades dos sons da contorna natural e social. | Identifica, clasifica e describe, utilizando unha linguaxe técnica precisa, as calidades dos sons da contorna natural e social. | Identifica algunhas calidades dos sons da contorna natural e social. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. | Distingue tipos de voces e instrumentos, e identifica, describe e sitúa exactamente as variacións agóxicas e dinámicas presentes nas obras, empregando un vocabulario preciso nas súas descricións e valoracións e argumentos coherentes. | Distingue tipos de voces e instrumentos, e identifica e describe o grao de variación agóxica e dinámica presente nas obras, empregando un vocabulario aproximado e argumentos convincentes. | Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contraste de dinámicas e agóxicas tras a escoita de obras musicais, e emite unha valoración das mesmas. | Distingue algunhas voces e instrumentos, aprecia a existencia de variacións dinámicas e agóxicas tras a escoita de obras musicais, sen emitir valoracións coherentes das mesmas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Interésase por descubrir obras musicais de diferentes xéneros e estilos, mostra criterios de procura, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, procura obras variadas, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas para as creacións propias. | Mostra curiosidade por descubrir obras musicais de diferentes características. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e asume un rol activo na súa extensión. | Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e coida de trasladalas a outras persoas. | Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. | Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais e traslada estes principios ao seu entorno. | Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais, e adopta unha posición ao respecto. | Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. | Coñece o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | ▪ EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. | Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea fielmente. | Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as reproduce de xeito aproximado. | Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. | Recoñece e describe de forma básica as calidades da voz a través de audicións diversas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de | ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. | Identifica visual e auditivamente, e clasifica, os instrumentos, rexistros da voz e agrupacións tratados, sitúaos no seu contexto e atopa similitudes e diferenzas entre eles. | Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións tratados e os clasifica basicamente. | Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións tratados. | Recoñece visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións, pero non é capaz de nomealos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección. | ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando. | Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión. | Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente. | Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado. | ▪ CCEC |
| | ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e movementos melódicos nos motivos traballados. | Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e intervalos consonantes. | Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compases simples. | Transcribe figuras e esquemas sen síncopas nos compases coñecidos. | ▪ CCEC |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global.<br><br>Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música. | Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución.<br><br>Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada. | Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo.<br><br>Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados. | Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto.<br><br>Canta con letra nunha afinación aproximada. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2018-2019

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. | Interpreta pezas asumindo o rol que lle corresponda, sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección. | Interpreta pezas asumindo o rol que lle corresponda, sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección. | Interpreta á súa parte nas pezas e sinala os erros cometidos de xeito aproximado. | Interpreta con erros a súa parte nas pezas, aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | ▪ EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Segue as execucións e valora as opinións dos demais membros do grupo, sendo quen de sinalar pros e contras nelas. | Segue as execucións, atende ás achegas do resto do grupo, amosando unha actitude de respecto. | Segue as execucións e atende por igual a todos os membros do grupo. | Escoita as execucións dos demais membros do grupo. | ▪ CSC |
| | ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Analiza as interpretacións feitas, sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección. | Analiza as interpretacións feitas, sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección. | Analiza as interpretacións feitas, sinala os erros cometidos de xeito aproximado. | Aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso. | ▪ CAA |

| 5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR | | |
|---|---|---|
| **Participación das familias** | **Divulgación social da tarefa** | **Colaboración de recursos externos e comunidade escolar** |
| Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto do traballo dos arrieiros, a seitura, o agro... que solicite o alumnado e lembren ou coñezan as familias.<br>Control familiar nas procuras guiadas pola rede.<br>Axuda e goce ao interpretar cada discente coa frauta sobre arquivo mp3 na casa ou cantar. | Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao *blog* da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.<br>Realizarase a gravación do «Festival de Nadal», proxecto no que se integra esta UDI. | Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.<br>Preparación e adorno do centro (murais alusivos, paneis, follas secas, ferramentas de labranza, fotos antigas...) en relación co centro de interese tratado.<br>Saída didáctica ou visita a un museo etnográfico, granxa escola, lonxa, etc., caso de ser posible. |

CC BY SA